



# **Biblioteca universitaria**

## **MEMORIA 2010**





# **Biblioteca universitaria**

# **MEMORIA 2010**

Aprobada pola Comisión da BUSC o día 21 de outubro de 2011



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

Colexio de Fonseca  
Rúa do Franco s/n  
15782 Santiago de Compostela

 981.559.900 ext. 11087

 [bxsec@usc.es](mailto:bxsec@usc.es)

 [www.busc.usc.es](http://www.busc.usc.es)

## Índice

<b>Presentación</b> .....	<b>7</b>
<b>Presuposto</b> .....	<b>9</b>
<b>Persoal</b> .....	<b>15</b>
<b>Instalación e equipamento</b> .....	<b>19</b>
<b>Desenvolvemento das coleccións</b> .....	<b>23</b>
<b>Base de datos bibliográfica e procesos</b> .....	<b>29</b>
<b>Servizos</b> .....	<b>33</b>
<b>Redes, cooperación e proxección exterior</b> .....	<b>47</b>
<b>Anexo I</b> .....	<b>51</b>
<b>Anexo II:</b> .....	<b>63</b>
<b>Anexo III:</b> .....	<b>81</b>



## Presentación

Nesta presentación imos salientar os datos mais relevantes da actividade desenvolvida na Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela durante o ano 2010. Como ven sendo habitual, ofrécense os datos estatísticos da BUSC de xeito pormenorizado nos Anexos.

Na presentación da Memoria 2009 sinalábase:

*Non é esta memoria o lugar onde valorar as consecuencias da crise económica en 2010, aínda que xa se están apreciando dun xeito visible na capacidade de gasto da BUSC e tamén no descenso no número de recursos consorciados (en decembro de 2009 a Xunta de Galicia confirmou un recorte na súa participación económica no Consorcio de Bibliotecas Universitarias cercana ao 20% o que obrigou á cancelación dun importante número de bases de datos). Probablemente tardaremos algúns anos en volver a falar de incrementos orzamentarios, e viviremos tempos sen dúbida complicados, nos que estamos igualmente obrigados a seguir prestando un servizo, creemos que esencial, para a comunidade universitaria, a pesar das actuais circunstancias.*

En efecto, 2010 marca o inicio dun proceso de recorte na USC e, no caso que nos atinxe, na BUSC, que experimenta un descenso global nos seus orzamentos do 15,87%. Aínda que hai recortes en practicamente todos os capítulos, destacamos que a partida dedicada a libros sofre un descenso do 24%. No apartado *Presuposto* pódense analizar en detalle estes datos e tamén coñecer a valoración da execución en 2010 do novo modelo de xestión en adquisición de monografías. Polo que atinxe ao Consorcio Bugalicia hai que destacar que a achega da USC en 2010 descendeu en quince puntos porcentuais grazas á consecución dun novo acordo de reparto entre as tres universidades galegas.

No que atinxe a espazos e equipamento, en 2010 hai poucas novidades, que teñen que ver na súa meirande parte con reformas destinadas a proporcionar un mellor servizo, acondicionando espazos e adquirindo o equipamento preciso. Sen embargo debe ser consignado o retraso acumulado de dous anos na execución das obras no Claustro Alto do Colexio de Fonseca, sede da Biblioteca Xeral. Lembremos que as ventás do Claustro Alto de Fonseca non poden abrirse polo risco de caída. Igualmente o paso do tempo acentúa o problema da falta de espazo, especialmente acusada nalgunhas bibliotecas, como se pode comprobar no capítulo *instalacións e equipamento*.

No apartado dedicado ao desenvolvemento das coleccións, é obrigado sinalar o descenso no número de volumes ingresados con respecto a 2009 (un 13,13 % menos), ligado lóxicamente ao recorte orzamentario no capítulo de adquisicións bibliográficas. O dato positivo é a incorporación de doazóns bibliográficas moi estimables en número e calidade. Tamén neste apartado se repasan as cifras relativas á colección de recursos electrónicos accesible a través do Consorcio Bugalicia, que experimenta un descenso notable en bases de datos, como mostra do impacto que a crise económica está a ter nas administracións públicas. Neste caso, foi o descenso nas achegas procedentes da Xunta de Galicia o que obrigou a recortar a contratación de recursos electrónicos, mantendo as tres universidades as súas achegas para evitar unha diminución mais grande. Finalmente hai que destacar a incorporación de novos materiais e maquinaria no Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca Xeral que

permitted systematizing the processes that are carried out and to both expand the number of titles repaired in 2010.

The works carried out to improve access to the catalog, notably those that reach the search in Galician are related in the section *Base de datos bibliográfica e procesos*.

Within the statistical section referred to services, it should be highlighted that the upward trend in the use of electronic resources in the last few years was broken in 2010 by the cuts experimented in the contracting of resources in the Consortium.

During 2010 continued the process of implementation of the Institutional Repository of USC. In it are housed 541 works belonging to the historical fund of BUSC (digitized thanks to subsidies from the Ministry of Culture granted in 2007 and 2009) and part of the journals of the Service of Publications and Intercambio Científico da USC.

Equally in 2010 was put at the disposal of students the service of reserves web, with the objective of stimulating the circulation of the collections of BUSC. In what reaches the training of users we must highlight two issues of special relevance, on the one hand by the part of BUSC a more active role in the acquisition of information competencies for the whole university community. For this, the Board of Government of USC in its session of 25 of March of 2010, and in conformity with the lines of USC for the new degrees of Grao, recognized for all the degrees of Grao, as transversal information competencies courses offered from the University of Santiago de Compostela, oriented to the student body of the degrees of grao in two levels; basic and medium. Also in 2010 signed the agreement of collaboration between the universities of La Laguna, Zaragoza, Santiago de Compostela and Alicante to develop a common model of basic course of training in information competencies.

Finally in the section *Redes, cooperación e proxección exterior* are given details of the different participations of BUSC in internal and external projects to the university.

We conclude this introduction pointing out that was presented in the Technical Board the draft document of the **Plan Estratégico da BUSC** and finally approved by the same in June of 2010. The next step is its presentation and debate in the Commission of BUSC for, in the case, to forward it to the Board of Government of USC. At the moment of redacting this memory we can advance that they have been overcome the two steps.

## Presuposto

O presuposto da Biblioteca para o ano 2010 ascendeu a 3.142.960 €, un 15.87% menos que en 2009. No cadro seguinte amósase desglosado por aplicacións:

Presuposto da BUSC 2010		
Capítulo 2	Biblioteca Xeral. Reparación e mantemento mobiliario e equipamento	72.000 €
	Bibliotecas. Gastos correntes	120.000 €
	Biblioteca Intercentros Campus de Lugo. Gastos correntes	2.400 €
	Biblioteca Concepción Arenal. Gastos correntes	4.800 €
	Biblioteca: Acceso Revistas electrónicas	1.365.760 €
Capítulo 6	Bibliotecas. Equipamento	38.000 €
	Bibliotecas. Adquisición libros	540.000 €
	Bibliotecas. Adquisicións publicacións periódicas	1.000.000 €
TOTAL		3.142.960 €

Con respecto a 2009, hai descensos en practicamente todos os apartados, algúns especialmente importantes. No capítulo 2, as achegas en gastos correntes para a Biblioteca Xeral (que se reparte entre todas as bibliotecas de centro), a Biblioteca Intercentros de Lugo e a Biblioteca Concepción Arenal baixan un 14,29%, un 20% e un 46% respectivamente. No que atinxe ao capítulo 6, a partida destinada a equipamento baixa un 24% e na aplicación adicada á adquisición de libros o recorte chega ao 35%. O recorte en publicacións periódicas é moito menor: 7,4%.


Descende tamén a achega da USC ao Consorcio Bugalicia (que aparece consignada no capítulo 2, *Acceso revistas electrónicas*), neste caso produto da entrada en vigor dun novo convenio de reparto entre as tres universidades galegas para sufragar os custes da contratación de recursos consorciados.

Os créditos asignados víronse incrementados mediante os ingresos procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario que ascenderon en 2010 a 48.525,46 €, así como a consecución dunha subvención do ministerio de Cultura para a dixitalización de fondo patrimonial da BUSC: 34.751,56 €

## ADQUISICIÓN BILIOGRÁFICAS

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos dez anos. Debido ao recorte experimentado no orzamento, amósase un cambio na tendencia a suba moderada (no caso das monografías) ou a suba continuada (no que atinxe ás revistas) dos últimos anos. Deste xeito o gráfico sinala o inicio do descenso nas achegas a estas aplicacións.

### Evolución do presuposto de adquisicións bibliográficas 2000-2010



O custo das publicacións periódicas en 2010 foi de 2.356.736,59 €, cantidade na que se inclúe a cantidade aportada ao Consorcio Bugalicia para a contratación conxunta de recursos electrónicos.

Publicacións periódicas adquiridas vía concurso	1.006.981,05 €
Publicacións periódicas non concurso	65.693,68 €
Paquetes de revistas adquiridos consorciadamente	1.284.061,86 €
	2.356.736,59 €

10

Con respecto a 2009 hai un lixeiro descenso explicado polos cambios na achega da USC ao Consorcio Bugalicia.

O crédito ordinario de adquisicións bibliográficas incrementouse con diversas achegas recollidas na seguinte táboa:

Achegas para a adquisición de materiais bibliográficos	
Achegas de Centros	15.637,51 €
Achegas de Departamentos e Proxectos	181.990,29 €
Descontos en librerías	11.400,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>209.027,80 €</b>

Existe un descenso do 38.39% nas aportacións dos centros con respecto ao ano anterior (25.383,22 € en 2009). Nas achegas provenientes de departamentos e proxectos o descenso é do 34% (275.898,67€ en 2009). Os descontos en librerías retornan aos niveis de 2008 tras unha suba do 77% en 2009 (18.953,3 €).

Un ano máis, as achegas máis salientables por parte dos centros, departamentos e proxectos corresponden ás Facultades de Dereito e Filoloxía, que alcanzan entre as dúas o 76.78% do total aportado (a porcentaxe subiu ao 86,2% en 2009).




	Centros	Deptos., Proxec.	Total
Dereito	3.163,58 €	55.387,82 €	58.551,40 €
Filoloxía	6.017,23 €	87.172,65 €	93.189,88 €
			151.741,28 €

Tendo en conta as achegas adicionais ás cantidades inicialmente presupostadas, na BUSC destináronse ás adquisicións bibliográficas 3.141.264,87€, dos que 769.492,18 € corresponden a monografías e 2.371.772,69 € a publicacións periódicas.

## EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

No seguinte gráfico amósase a evolución do presuposto dedicado a gastos correntes (aplicación 220) e a adquisición de material inventariable (aplicación 626):

**Evolución do presuposto de mantemento e equipamento 2000-2010**



Pode apreciarse como a liña evolutiva no caso da aplicación destinada ao mantemento e material non inventariable, que permanecía case inalterable dende hai seis anos, inicia unha tendencia cara ao descenso. No que atinxe ao equipamento, esta tendencia aínda se aprecia con mais claridade.

Ás cantidades inicialmente previstas (aplic. 220, 120.000 €; aplic. 626, 38.000€) sumáronse ingresos por valor de 94.098,12 € procedentes dos servizos de fotodocumentación e préstamo interbibliotecario e de achegas dos centros. No seguinte cadro vemos desglosadas as achegas:

Achegas en equipamento e mantemento	
Achegas Departamentos e Proxectos	- €
Achegas de Centros	18.582,43 €
Ingresos por servizos	75.515,69 €
<b>TOTAL</b>	<b>94.098,12 €</b>

## OUTROS INGRESOS

A BUSC presentouse a convocatoria para concesión de subvencións públicas para a creación e transformación de recursos dixitais e a súa difusión e preservación mediante repositorios OAI (Open Archives Initiative) correspondentes ao ano 2009, coa segunda fase do proxecto *Literaturas hispánicas séculos XV-XVIII*. A orde CUL/3728/2009, de 21 de decembro concede á Universidade de Santiago de Compostela **34.751,56 €**. A percepción económica da subvención fíxose efectiva a principios de 2010. En setembro de 2010 a BUSC presentouse a unha nova convocatoria para concesión de subvencións, da que se proporcionan máis detalles no apartado *Servizos*.

## CAMBIO NO MODELO DE REPARTO

O novo modelo de xestión do presuposto de monografía iniciada no ano económico 2010 tiña como eixes fundamentais:

- 1 A creación dunha estrutura orzamentaria (sen asignacións económicas) que permitira coñecer en todo momento as cantidades pagadas ou comprometidas por:
  - a) cada unha das 5 áreas de coñecemento da USC; b) cada departamento e cada centro no que ten presenza ese departamento; c) cada Biblioteca, tanto en gasto en fondos bibliográficos para investigación como en fondos xerais ou para alumnos; d) a Biblioteca Xeral e cada unha das súas áreas de compra: Galicia, América...
- 2 Establecer como cifras económicas de referencia as correspondentes ao reparto orzamentario do ano 2009 por área de coñecemento.

Transcorrido 2010 a análise dos datos de gasto ofrece os seguintes resultados:

- Por áreas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias Experimentais e Humanidades incrementaron o gasto arredor dun 20% sobre a cantidade que lles correspondería co anterior sistema de reparto. Ciencias Sociais e Xurídicas e Ensinanzas Técnicas diminuíron o seu gasto nun 10%.
- A Biblioteca Xeral diminuíu o seu gasto nun 24,6 %.
- Importante incremento do gasto en recursos para alumnos, subindo do 19% do anterior sistema ás seguintes porcentaxes sobre o gasto total:
  - Área de Ciencias da Saúde: 68,11%
  - Área de Ciencias Experimentais: 24,48%
  - Área de Ciencias Sociais e Xurídicas: 33,79%
  - Área de Ensinanzas Técnicas: 71,58%
  - Na Área de Humanidades, en cambio, esta porcentaxe baixou ata o 15,76%

A análise da xestión presenta a seguinte valoración:

- Desaxustes na adaptación ao novo modelo entre as diferentes bibliotecas, motivados pola existencia de diferentes dinámicas de compra que non foran valoradas e coordinadas.
- Coincidencia na implantación do novo modelo cos cambios nas titulacións (graos) que alterou tamén a dinámica de compras, concentrándoa máis do habitual no último cuadrimestre do ano.

Finalmente a análise das adquisicións presenta como resultados significativos:

- A valoración máis positiva é o incremento de fondos para alumnos, que viñan arrastrando un importante déficit na BUSC.
- A compra da bibliografía recomendada que figura na información de cada asignatura na páxina web da USC, é a causa de gran parte do baixo uso dos fondos.



Esta bibliografía non parece corresponder, na meirande parte dos casos, coa bibliografía que se lle da ao alumno na clase.

- Hai que revisar e establecer criterios sobre a compra de varios exemplares dun mesmo título antes de ter datos de demanda e uso, xa que hai demasiados casos de falta de uso de todos ou parte dos exemplares.
- Os primeiros datos de uso, que deben ser vistos con cautela debido ao curto período analizado, mostran poucas variacións respecto das dinámicas anteriores.
- Sorprenden as elevadas cifras de non uso dos libros de investigación, que nalgúns centros chegan ao 65% dos libros non prestados.

A continuación amósase na táboa as cantidades iniciais de referencia, e o gasto final real. Hai que ter en conta que o presuposto de monografías para 2010 ascendeu a 540.000 €, aos que se lle engadiron 64.052,76 € procedentes do remanente de 2009, o que nos da un total de 604.052,76 €

Centro	Primeira cantidade de referencia	Gasto final real (reducción ive)
Admon. E Dirección Empresas	17.190,98	10.635,58
Bioloxía	15.095,48	16.336,23
C. Políticas	20.450,63	26.610,30
CC. Comunicación	22.249,19	21.197,07
CC. Económicas	31.109,37	32.580,46
CC. Educación	34.314,99	29.180,48
Ciencias (LUGO)	9.100,00	9.699,76
Dereito	28.195,20	38.477,06
Enfermería	9.186,63	11.815,45
Escola Politécnica Superior	17.636,81	20.514,34
ETS	10.467,17	13.586,79
Farmacia	15.830,88	20.926,23
Filoloxía	35.446,60	49.090,58
Filosofía	17.290,97	26.189,29
Física	12.296,36	16.749,92
Humanidades (LUGO)	14.715,65	19.516,78
Matemáticas	10.072,66	13.492,02
Maxisterio (LUGO)	7.986,38	7.940,15
Medicina	27.348,94	36.394,99
Óptica	4.738,90	5.754,18
Psicoloxía	27.858,97	20.368,20
Química	12.726,75	12.878,00
Relacións Laborais	7.203,33	5.350,79
Veterinaria	13.705,59	14.954,17
Xeografía e Historia	34.026,22	26.838,95
Bca Xeral	100.000,00	82.415,78
Área CC. Saúde	12.718,08	12.163,06
Área CC. Xurídicas e Sociais	3.433,70	3.283,91
	572.396,43	604.940,52

Nos anexos pódense consultar os datos detallados deste e doutros subapartados relativos á execución dos orzamentos.



# Personal

## DATOS XERAIS

A 31 de decembro de 2010 a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSONAL DA BUSC - ANO 2010	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	15
Escala de Axudantes de Bibliotecas	54
Auxiliares de Biblioteca (Func. C) /Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	120
Auxiliares Administrativos	7
Persoal especializado	2
Area conserxería	7
<b>TOTAL</b>	<b>205</b>

15

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2010 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Area Conserx.	Persoal espec.	TOTAL
BUSC	6			2			2	10
B. Xeral	1	16	5	13		3		38
Biloxía	1	1		4				6
Económicas		3		6	4			13
C. Arenal	2	3	1	8	2			16
Farmacia		2		2				4
Filoloxía	1	4		6				11

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.B/A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Area Consers.	Persoal espec.	TOTAL
Filos., CC.Ed., Psicol.	1	6		8				15
Física e Óptica		2		5				7
Xeografía e Historia	1	3		6				10
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5	8			16
Química		2		4				6
ETSE				3				3
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	5	1	14	5	4		30
Formación Profesorado		1		3				4
<b>TOTAIS</b>	<b>15</b>	<b>54</b>	<b>7</b>	<b>101</b>	<b>19</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>205</b>

A Aula Universia da Biblioteca Intercentros de Lugo contou co desempeño de dous bolseiros pertencentes á rede de aulas de informática da USC.

## OPOSICIÓN, CONCURSOS, TRASLADOS, XUBILACION

En outubro de 2010, Carmen Varela Prado, directora da Biblioteca da Escola de Formación do Profesorado de Lugo, asumiu a Vicexerencia do Campus de Lugo. O seu posto na BUSC pasou a ser ocupado en comisión de servizos por Xosé Manuel Couso, ata ese momento responsable da Oficina de Adquisicións da Biblioteca Intercentros de Lugo.

## FORMACIÓN

Durante 2010, o persoal da BUSC participou nos seguintes cursos de formación:

### Organizados pola USC dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia

- Cursos específicos para persoal de Bibliotecas
- A nova conceptualización da catalogación
- A xestión de contidos na Biblioteca Dixital
- Alfabetización informacional en Bibliotecas Universitarias
- Conservación e mantemento de documentos gráficos
- O bibliotecario como asesor de investigadores
- Cursos para todo o persoal da USC
- A protección de datos de carácter persoal
- Centro de Linguas Modernas Francés



Centro de Linguas Modernas Inglés  
 Ferramentas para establecer relacións eficaces  
 Iniciación á ferramenta de xestión de contidos para a web da USC  
 Lingua e xénero na universidade  
 O traballo en equipo  
 Prevención de riscos en postos de administración  
 Primeiros auxilios para equipos de emerxencia  
 Técnicas de negociación e resolución de conflitos.

## Organizados por outras entidades

Metadatos y su aplicación en la descripción de recursos. *Fundación Germán Sánchez Ruipérez*  
 Fundamentos de dirección de proyectos. *Anabad-Galicia*  
 Recursos electrónicos: catalogación, normalización e proceso técnico. *Anabad-Galicia*  
 Servizos de referencia dixital e xestión da colección electrónica. *Anabad-Galicia*  
 Catalogación en formato Ibermarc/MARC 21 . *SEDIC*  
 Comunidad de prácticas sobre la web movil. *SEDIC*  
 Odilo TK: préstamo de libro electrónico en el mundo bibliotecario. *SEDIC*  
 Gestión documental. *Universidad de Salamanca*

## Asistencia a congresos, simposios

7ª Internacional Conference on Preservation of Digital Objects (Viena), do 19 ao 24 de setembro de 2010  
 VIII Jornadas CRAI: aplicación en el mundo laboral de las competencias informacionales e informáticas (CI2, )29 e 30 de abril, Universitat d'Alacant.  
 II Jornada de responsables de ALFIN en las bibliotecas universitarias españolas. Universidad de Granada, junio de 2010  
 Xornada sobre Bibliotecas especializadas Visibilidade, accesibilidade e usabilidade das bibliotecas especializadas, 20 de outubro de 2010 no Museo Etnolóxico de Ribadavia  
 Simposio O libro electrónico, presente e futuro na biblioteca e no ensino, Universidade da Coruña, 25 e 26 de outubro  
 VII Simposio Fomento da lectura: unha fronteira para o libro, organizado pola Asociación Galega de Editores, 18 e 19 de novembro de 2010

## OUTRAS PARTICIPACIÓNS

- A Directora da Biblioteca da Escola de Formación do profesorado do Campus de Lugo, Carmen Varela Prado, presentou a comunicación *Transversalización de la formación en competencias informacionales a través de los distintos escenarios del nuevo modelo educativo*, no marco dos XV Encuentros Internacionales sobre Sistemas de Información y Documentación (IBERSID 2010), celebrados en Zaragoza. Tamén presentou a *ponencia Competencias informacionales en la educación superior. Aplicación de un programa de formación en e-learning*, no seo de EDUTEC 2010, que tivo lugar en Bilbao.
- A Directora da BUSC, María Isabel Casal, presentou a ponencia *El CRAI y los nuevos retos de las bibliotecas universitarias* no marco das I JORNADAS NUEVAS TECNOLOGÍAS EN BIBLIOTECAS Y ARCHIVOS, organizadas pola Universidade da Coruña e celebradas o 25 e 26 de novembro de 2010.

- Por indicación de Xerencia da USC, persoal da BUSC formou parte dun grupo de traballo encargado de elaborar unha proposta de programas para probas de acceso á escala de bibliotecas, Arquivos e Museos. O traballo desenvolveuse nos meses de abril a xullo de 2010, data na que se lle entregou á Xerencia da USC a proposta realizada.
- A Biblioteca Nacional (BNE) organizou o día 28 de abril de 2010 un encontro sobre "Intercambio Internacional de Información catalográfica: proyectos y normativa (VIAF y RDA)", no que se presentaron proxectos e normativas relacionados coa información catalográfica a nivel español e internacional, asistindo a xefa da Sección de Procesos e a xefa do Negociado de Catalogación.
- A xefa do Negociado de adquisicións da Biblioteca Xeral asistiu á feira LIBER 2010 Barcelona: Feria internacional del libro, que contou con mais de 700 expositores procedentes de 16 países e máis de 12.000 visitantes profesionais.
- Con motivo dunha estada na Universidade de Guadalajara (México), a Vixerenta do Campus de Lugo participou nas actividades laborais que se realizan na Coordinación de Bibliotecas da devandita universidade. Ao mesmo tempo tomou parte nas actividades do Coloquio celebrado durante a XXIV Feria Internacional do Libro de Guadalajara (FIL) permitindo establecer lazos de cooperación con organismos e institucións a nivel internacional.

## Instalacións e equipamento

### INSTALACIÓNS

Na biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia leváronse a cabo diversas actuacións nas súas instalacións. No salón de lectura procedeuse ao vernizado das mesas e do chan, á restauración das luces orixinais do salón e á reparación das escadas internas de acceso ao *Balconcillo*. Renovouse a instalación eléctrica e dotáronse de tomas de corrente todas as mesas, así como de lámpadas de lectura de leds e intensidade variable. Na sala anexa ao salón de lectura instaláronse 12 ordenadores con conexión á rede informática. Na zona de depósitos colocouse a sinalización de emerxencia.





Na Biblioteca da Facultade de Bioloxía rematou o acondicionamento dun espazo para traballo en grupo e aula de formación.

20



Tal e como se daba conta na memoria 2009, segue sen executar o cambio de carpintería nas ventás do Claustro Alto do Pazo de Fonseca. Trátase dunha obra que, máis alá da necesidade estética da mesma, constitúe un problema de seguridade. As ventás non poden ser abertas polo perigo de caída ao Claustro. Agardamos que en 2011 finalmente poda executarse.

Un ano máis deixamos constancia dunha situación problemática: a carencia de espazo para almacenamento e depósito do material bibliográfico de menor uso. Contar cunha biblioteca depósito permitiría dispor de espazo para coleccións máis actualizadas e sobre todo axeitadas ás necesidades da comunidade universitaria nos diferentes puntos de servizo da Biblioteca Universitaria. No anexo estatístico pódese atopar unha relación detallada dos metros lineais dispoñibles nos centros. O problema loxicamente empeora ano a ano. De novo resaltamos, como nas Memorias 2008 e 2009 a situación nas bibliotecas das Facultades de Económicas e de Físicas onde non contan xa con andeis libres nos depósitos. Non é moito mellor o panorama na Biblioteca da Facultade de Medicina, na Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación do Campus Sur, na da Escola de Formación do Profesorado de Lugo ou na de Xeografía e Historia. No que atinxe á biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación do Campus Sur hai que sinalar outros problemas relativos aos espazos cos que conta que imposibilitan a día de hoxe ofrecer acceso libre aos fondos bibliográficos e unha ratio de postos de lectura acada ás



necesidades dos centros aos que da servizo. A modo de exemplo a fotografía seguinte amosa a situación na biblioteca da Facultade de Física, cós libros acumulándose nas baldas, sen un centímetro libre.



## EQUIPAMENTO

Cos fondos dedicados a equipamento e os ingresos procedentes de Fotodocumentación e Préstamo Interbibliotecario, abordouse coma en anos anteriores á substitución e/ou adquisición de equipos informáticos e mobiliario. Investíronse un total de 101.751,85 € neste capítulo. No cadro seguinte pode verse unha relación do equipamento adquirido desagregado por bibliotecas:

BIBLIOTECA		
Biblioteca Xeral	4	Ordenadores de sobremesa
	2	Ordenadores portátiles
	1	Impresora
	1	Lente lector microformas
	1	Moble con rodas
	1	Prensa
Biología	3	Ordenadores portátiles

Económicas	2	Ordenadores de sobremesa
	3	Ordenadores portátiles
	3	Cadeiras
	1	Moble expositor
Concepción Arenal	2	Carros portalibros
Farmacia	1	Arco antifurto
	2	Ordenadores portátiles
	1	Ordenador de sobremesa
	1	Moble
Filoloxía	2	Ordenadores portátiles
		Andeis
Psic., Filos. e Cc. Educ.	4	Ordenadores portátiles
	4	Ordenadores de sobremesa
	1	Arco antifurto
		Andeis
Xeografía e Historia	2	Ordenadores de sobremesa
	1	Arco antifurto
	1	Ordenador de sobremesa
Matemáticas	1	Ordenador de sobremesa
	2	Ordenador portátil
Medicina	1	Mesa
Química	2	Ordenadores portátiles
Intercentros Lugo	4	Ordenadores portátiles
E. F. Profesorado (Lugo)		Mesas e cadeiras
ETSE	1	Mobles
	1	Rotuladora de tejuelos
Enfermería	1	Ordenador de sobremesa
		Mesas e cadeiras
	1	Desactivador de alarmas
Ciencias da Comunicación	3	Ordenadores de sobremesa

Finalizamos este apartado sinalando que finalmente en 2010 a USC licitou o subministro de máquinas multifunción nun importante número en diferentes puntos de servizo da BUSC. Trátase dunha carencia posta de manifesto pola Dirección da BUSC ante a Xerencia en 2009 pola obsolescencia dos equipos de reprografía nalgunhas bibliotecas (carentes xa de mantemento debido á súa antigüidade) ou directamente pola carencia dos mesmos (avariados e non reparados por parte da empresa concesionaria). Nos primeiros meses de 2011 os equipos atopábanse xa operativos.



## Desenvolvemento das coleccións

En 2010 ingresaron na BUSC 34.831 volumes, un 13.13 % menos que no ano anterior. Destes títulos, 18.260 (16,7% menos que en 2009) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (estas achegas poden verse nas táboas do apartado "Presuposto" no *Anexo estatístico*). Por intercambio ingresaron 1.647 títulos (un 4.5 % mais que en 2009) e por doazón un total de 14.924 (fronte aos 16.454 volumes de 2009, un 9,3% menos).

Aínda que nos últimos catro anos os números foron bastante similares, en 2010 hai un descenso xeneralizado en case tódolos ingresos, especialmente os producidos pola vía da compra explicado fundamentalmente polo recorte na partida adicada á adquisición de monografías. Na meirande parte das bibliotecas as cifras non manifestan diferenzas destacables con respecto a 2009, agás naqueles centros que reciben importantes achegas pola vía da doazón: Biblioteca Concepción Arenal e Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia. No *Anexo estatístico* poden verse as cifras para cada biblioteca.

Sinalábamos na memoria do ano anterior que a Biblioteca da Facultade de Filoloxía acumulaba cerca de 11.000 volumes sen procesar procedentes de doazóns diversas, entre as que estaba a correspondente á biblioteca do profesor alemán Walter Haug recibida en marzo de 2008. Durante 2009 fóronse dando pasos para afrontar o custo da súa catalogación e durante 2010 procedeuse a catalogar o fondo doado, xa incorporado plenamente ao catálogo da BUSC.

## DISTRIBUCION DAS OBRAS INGRESADAS

A distribución das monografías ingresadas por biblioteca poden verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS 2010			
	Compra	Doazón	Intercambio	TOTAL
B. Xeral	2.810	1.558	268	4.636
Bioloxía	283	147	103	533
Económicas	999	441	61	1.501
C.Arenal	3.543	5.912	244	9.699
Farmacía	282	411	6	699
Filoloxía	2.386	605	214	3.205
Fª, Cc. Educ. Psicol	2.585	695	222	3.502
Física Óptica	295	37	12	344
Xeografía e Historia	1.051	3.561	340	4.952
Matemáticas	220	45	11	276

CENTRO	MONOGRAFÍAS 2010			
	Compra	Doazón	Intercambio	TOTAL
Medicina	408	274	79	761
Química	142	80	19	241
ETSE	410	99	18	527
Intercentros	1.369	662	34	2.065
CC. Comunicación	713	177	13	903
Formación Profesorado	578	215	2	795
Enfermería	186	5	1	192
Observatorio	-	-	-	-
<b>TOTAIS</b>	<b>18.260</b>	<b>14.924</b>	<b>1.647</b>	<b>34.831</b>

No que atinxe á colección de publicacións periódicas, as variacións con respecto a 2009 son mínimas. En xeral hai un lixeiro descenso no número de coleccións abertas (en calquera das modalidades de adquisición) agás no caso da Biblioteca Xeral que reduce o seu número de títulos adquiridos por compra nun 50% e na biblioteca da ETSE que experimenta un incremento cercano ao 50% no total de títulos da súa colección. Na táboa e gráficos seguintes ofrecemos os datos desagregados por biblioteca.

CENTRO	PUBLICACIONES PERIÓDICAS 2010					
	Pechadas	Abertas				TOTAL
	Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.	Total Abertas	Abertas Pechadas
B. Xeral	10.151	43	458	152	653	10.804
Bioloxía	842	105	50	190	345	1.187
Económicas	2.456	260	295	72	627	3.083
C.Arenal	4.098	458	122	149	729	4.827
Farmacia	1.346	90	69	50	209	1.555
Filoloxía	1.847	474	121	243	838	2.685
Fª, Cc. Educ. Psicol	1.582	355	114	237	706	2.288
Física Óptica	371	47	6	4	57	428
Xeografía e Historia	1.902	327	96	281	704	2.606
Matemáticas	413	104	25	35	164	577
Medicina	2.212	166	79	8	253	2.465
Química	603	46	8	8	62	665
ETSE	61	26	13	1	40	101
Intercentros	1.176	254	128	122	504	1.680
CC. Comunicación	633	46	43	2	91	724
Formación Profesorado	159	35	52	14	101	260
Enfermería	99	14	21	-	35	134
Observatorio	331	9	22	-	31	362
<b>TOTAIS</b>	<b>30.282</b>	<b>2.859</b>	<b>1.722</b>	<b>1.568</b>	<b>6.149</b>	<b>36.431</b>



## INCORPORACIÓNS DESTACADAS

Durante 2010 rematáronse procesos comezados no ano anterior como a incorporación á Biblioteca Concepción Arenal de todo o fondo do Centro de Documentación Europea (na actualidade Centro de Estudos e Documentación Europeos **CEDE**) e da biblioteca do **profesor José Manuel Lete del Río** integrada por máis de 800 títulos de monografías e doada pola familia do catedrático de Dereito Civil da USC. Precisamente con data 9 de xuño de 2010 foi asinado o contrato de comodato entre o Reitor da USC e a viúva do profesor Lete del Río. A Biblioteca Concepción Arenal tamén recibiu en 2010 unha nova relación de títulos doados polo profesor **Eduardo Vilarriño**. O contrato da primeira doazón de 334 volumes de Xurisprudencia Civil e Criminal foi aprobado no Consello de Goberno do 22 de xuño de 2004.

Na Biblioteca da Facultade de Farmacia recibíuse una importante doazón do profesor **Jesús Izco Sevillano**, do departamento de Botánica, composta por 50 revistas, 23 teses e memorias de licenciatura e 300 libros.

Na Biblioteca de Historia recibíronse dúas importantes achegas: unha corresponde á feita polo xeólogo **Klaus Fesefeldt**. A necesidade de traballar nunha grande variedade de países requiriu do Dr. Fesefeldt a constante aprendizaxe de novos idiomas, así como o coñecemento da estrutura e evolución histórica, política, económica, social e cultural deses mesmos países. Por iso, foi reunindo no decurso do tempo unha grande cantidade de bibliografía variada sobre os países de Iberoamérica, que terían sido moi difíciles de atopar en Europa e que decidiu doar á Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, institución á que lle unen lazos familiares.

A segunda achega corresponde á doazón Carapetyan composta por 324 obras e un título de revista. **Peter Carapetyan**, importante musicólogo fundador no ano 1949 do instituto Americano de Musicología, editou libros moi especializados e de gran calidade (con gravura manual das notas) no terreo da música.

Polo que atinxe ás incorporacións do **Fondo Galicia** en 2010 destacamos:

- *El habla gallega*, de Juan Cuveiro Piñol, edición datada en 1868 en Pontevedra.
- *Espiñas, follas e froes: versións galegas*, de Valentín Lamas Carvajal. Madrid, 1877. Trátase do segundo poemario publicado en galego.
- Pola súa curiosidade, *Rogín Rojal o el paje de los cabellos de oro*, obra de Benito Vicetto publicada pola Imprenta a vapor de "La España" no ano 1899 en Montevideo.
- Igualmente curiosa é a edición de *Libro de chistes, ocurrencias, chascarrillos, charadas y travesuras de D. Francisco de Quevedo*, feita en Mondoñedo nunha data próxima a 1880.
- *Viajes y aventuras de una muñeca española en Rusia*, de Sofía Casanova, publicada en Burgos en 1920.
- *Contos do camiño e da rúa*, de Ramón Otero Pedrayo. Trátase dunha edición do ano 1932, en Santiago pola editorial Nós. Con posterioridade (1995) a editorial Galaxia publicaría unha nova edición.
- A edición de 1944 da editorial mexicana Leyenda da obra *Historias mágicas*, de Remy de Gourmont. As viñetas e acuarelas son de Arturo Souto.
- *España, cuerpo y alma*, de Alvaro de las Casas, publicada en Argentina en 1946. Este exemplar está numerado e conta cun prólogo manuscrito.
- *El ceñidor de Venus desceñido*, de Rafael Alberti, nunha edición de Botella al mar en Bos Aires no ano 1947 conta con debuxos de Luis Seoane. O exemplar ten o número 59 dunha tirada limitada.
- *Poesía y verdad (papeles para un proceso)*, libro de Gabriel Celaya editado en Pontevedra en 1959 cun prólogo do pontevedrés Luciano del Río.



- *Fray Gerundio* : periódico satírico de política y costumbres. Publicado en Madrid de 1837 a 1844 na Imprenta de Mellado. Esta publicación incrementa a importante colección de revistas satíricas da BUSC.

Pero sen dúbida a gran incorporación en 2010 corresponde a **La Joven Galicia : revista de instrucción pública, ciencias, literatura y bellas artes**. Na Biblioteca Xeral contábase coa primeira época desta publicación de 1860 con 24 números. Coa incorporación dos números 25 a 39 complétase ademais a segunda época da revista.

No **fondo xeral** é obrigado citar dous recursos electrónicos: *Gran Enciclopedia de España*, con máis de 188.000 artigos e 50.000 imaxes e vídeos e *World Biographical information system*, que contén mais de 6 millóns de biografías breves de persoas de todas as épocas e nacionalidades, tomadas de obras de referencia publicadas entre o século XVI e o XXI..

## COLECCIÓN CONSORCIADA

Durante o ano 2010 as universidades galegas tiveron accesibles un menor número de recursos consorciados. A redución cercana ao 20% nas achegas da Xunta ao Consorcio provocou a cancelación dos seguintes recursos:

- Bases de datos: *Biological Abstracts, Econlit, Francis, IPA, Pascal, Philosopher Index, PIO/PAO, Westlaw Internacional, Inspec, Iustel, MLA*
- Revistas: *paquetes de revistas de Blackwell e de Oxford.*

Deste xeito contamos en 2010 cun total de 17.971 revistas, 16342 monografías e 33 bases de datos, ademais das bases do ISI Web of Knowledge (*Current Contents, Journal Citation Reports, Web of Science+Proceedings e Essential Science Indicators*) que deixaron de ser financiadas na súa totalidade pola Fecyt (Fundación Española de Ciencia y Tecnología), asumindo cada universidade o copagamento dunha parte do seu custe.

Na páxina web do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia pódese atopar una información mais pormenorizada dos recursos accesibles. No apartado *Servizos* desta Memoria ofrecemos datos de uso dos recursos consorciados.

## PRESERVACION

A incorporación de novos materiais e maquinaria no Negociado de Mantemento de Fondos da Biblioteca Xeral permitiu sistematizar os procesos que alí se levan a cabo e polo tanto ampliar o número de títulos reparados. O total de intervencións en 2010 foi o seguinte:

- REVISTAS: 448 números de revistas, 29 carpetas e 2 estoxos
- LIBROS E FOLLETOS : 411 títulos, 67 carpetas e 4 estoxos

Cómpre ter en conta que a reparación dun volume ás veces é posible cunha única intervención, pero en ocasións hai que recorrer a varias intervencións. Hai que adecuar cada reparación ás características de cada título, o que supón realizar unha análise previa ás intervencións que determine a orde a seguir nas actuacións, así como as operacións máis útiles a realizar. É conveniente establecer límites de actuación para evitar aquelas actuacións que supoñan un tratamento demasiado agresivo para o exemplar.

As operacións máis frecuentes son a reparación dos lombos dos libros, seguidas das reparacións de follas deterioradas e/ou soltas, a reposición de follas de respeto e gardas e a reparación de cubertas. Tamén se realizan operacións de limpeza, cosido, secado, encolado, planchado, pintura e encerado. En todos os casos procúrase que a reparación sexa o menos agresiva posible para o exemplar utilizando procedementos e materiais que respecten as normativas de restauración.

Nas imaxes seguintes pódense ver diferentes exemplos dos traballos levados a cabo no taller de reparacións da Biblioteca Xeral.








## Base de datos bibliográfica e procesos


A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra, doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral.

Nos gráficos seguintes pode verse a distribución de rexistros bibliográficos, de exemplar e catalogacións analíticas do catálogo da BUSC, para monografías e revistas.


### Catálogo completo



### Catálogo Galicia




### Catálogo Xeral




Do total de descrições bibliográficas (1.061.649), 39.482 pertencen á Biblioteca América e 55.815 ao fondo histórico, coa seguinte distribución atendendo ao tipo de rexistro:

### Biblioteca América



### Fondo histórico



## PROCESOS

### Tradución dos encabezamentos de materia ao galego

A USC encetou este proxecto coa idea de ofrecer aos seus usuarios a busca temática en galego. Tras unha primeira fase de tradución dos encabezamentos de materia en castelán realizada polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, o traballo centrouse na introdución nos rexistros de autoridade de tema no sistema integrado de xestión bibliotecaria Millennium dos termos equivalentes en galego. Se temos en conta que o noso catálogo supera a día de hoxe o millón de rexistros bibliográficos dedúcese con facilidade que o proceso de traducir os encabezamentos ao galego foi longo e laborioso. O devandito proceso rematou a finais do ano 2009. En total son **67.572** rexistros de autoridade que permiten aos usuarios buscar no catálogo indistintamente por termos en galego ou en castelán.

En xaneiro de 2010 comezou a seguinte fase deste proxecto consistente na tradución ao galego dos encabezamentos de tema relativos aos nomes xeográficos ou topónimos. Os traballos de tradución remataron a finais de ano alcanzando o número de rexistros de autoridade traducidos a cifra de 20.689: a busca en galego conduce directamente ás referencias bibliográficas mentres que a busca en castelán leva en primeira instancia aos termos normalizados en galego e, dende aquí, ás referencias bibliográficas. De novo contou co apoio e asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística da USC.

### Manual de Procedemento en Catalogación

Co obxectivo de coordinar e homoxeneizar o traballo desenvolvido en catalogación, comezou a revisión e posta ao día do anterior *Manual de catalogación*. Con esta revisión trátase de adaptar o texto aos cambios producidos nos estándares nacionais e internacionais de catalogación. O resultado do traballo, rematado a finais de 2010, está publicado na Intranet da BUSC en xaneiro de 2011.

### Proxecto Base de Datos de Autores Galegos.

Accesible dende xuño de 2007, continuase actualizando a Base de Datos de Autores Galegos. Lembremos que esta base de datos ofrece información biobibliográfica dos autores que figurando no catálogo da BUSC, son naturais de Galicia, teñen vinculación coa cultura galega, ou desenvolven en Galicia a súa actividade profesional ou creativa. Actualízase periodicamente cos rexistros de autoridade do sistema Millennium e ten na actualidade **9.242** rexistros

### Catalogación do Fondo Haug

Entre maio e outono de 2010 incorporáronse ao catálogo da BUSC os fondos da biblioteca de Walter Haug. Constitúen un donativo integrado por máis de 4.000 obras que están identificadas no catálogo pola signatura e por unha nota de procedencia. O profesor Walter Haug, catedrático de literatura medieval alemá considerado un dos máis importantes estudosos da materia, foi posuidor dunha gran biblioteca científica que contén tódalas publicacións importantes nas que traballou, un importante número de volumes cientificamente relevantes, e mesmo algúns de gran valor histórico.

### Cambio de signaturas do fondo de Ciencias da Educación da Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación

No ano 2010 procedeuse a elaborar unha lista de signaturas para clasificar os fondos de Educación da Biblioteca do Campus Vida con vistas a unha futura posta en libre acceso dos mesmos. A lista proposta clasifica en 15 signaturas os fondos actualmente catalogados en tres signaturas. A proposta foi presentada á Dirección da Biblioteca e a Comisión de Biblioteca de Ciencias da Educación

En coordinación coa Xefatura de Proceso Técnico da BUSC articulouse un procedemento para comezar o proceso de traballo de introdución das novas signaturas nos rexistros sen que estas estean visibles no catálogo de momento, con vistas a realizar o proceso no curso do ano 2011.

## Catálogo Colectivo Rebiun


O Catálogo Colectivo de Rebiun permite consultar en Internet os fondos de 74 bibliotecas universitarias e de investigación españolas. Actualízase 6 veces ao ano co envío dos rexistros de monografías, publicacións seriadas e catalogación analítica de monografías e seriadas en formato MARC. Na última entrega do ano 2010, a BUSC enviou un total de 1.031.536 rexistros bibliográficos

## ACCESO A RECURSOS ELECTRÓNICOS

### BASES DE DATOS

Durante 2010 a BUSC tivo acceso a 52 bases de datos en rede (consoiciadas ou propias da Biblioteca). Dado que non todas as bases teñen unha interface web ou versión internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas na Rede de CD-ROM da BUSC.

As estatísticas de uso das bases consoiciadas ofrecémolas diferenciadas atendendo aos datos proporcionados por Bugalicia, posto que unhas bases de datos presentan datos de uso baseados en sesións e outras baseados en consultas. No que atinxe ás primeiras, estes son os resultados en 2010 (acompañados dos obtidos en 2009):



En xeral apréciase unha suba leve (algo máis acusada en CSIC) de todos os recursos consignados neste apartado.

A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades do Consorcio queda como segue:

Coruña	21.883	22,76%
Santiago	26.495	27,57%
Vigo	47.728	49,67%
<b>Total</b>	<b>96.106</b>	<b>100,00%</b>


A continuación ofrecemos os datos referidos ao número de consultas das bases de datos consorciadas en 2009 e 2010, para apreciar a evolución no consumo. Teñamos en conta que hai un recorte considerable no número de recursos dispoñibles en 2010 polo que os datos do total de todas as consultas non son comparables<sup>1</sup>.

Bases de datos	nº consultas 2009	nº consultas 2010
Westlaw	93.877	105.468
Scifinder	93.930	67.703
Mathscinet	37.586	37.744
Medline	19.483	17.788
Psycinfo	12.692	14.297
BSP	7.100	7.777
Asfa	3.635	3.817
LLBA	2.776	2.745
PILOTS Database	2.124	2.579
Eric	1.694	2.374
Lion	1.671	2.134
Ulrichs	2.855	1.759
Compendex	1.523	1.734
Oceanic Abstracts	843	1.609
PQ dissertation and theses	1.537	1.199
Sport discus full text	401	1.062
Lista	278	605
Greenfile	429	601
Cinahl	491	592
Regional business news	193	411
Teacher reference center	60	344
The serials directory	135	335
Datamonitor		147
<b>TOTAL CONSULTAS</b>	<b>285.313</b>	<b>274.824</b>



<sup>1</sup> O número total de consultas de bases de datos consorciadas na USC en 2009 ascendeu a 341.292

### Bases de datos - Consultas 2009-2010



Destaca polo seu incremento no uso *Westlaw*. Pola contra, experimenta unha caída no seu uso *Scifinder*.


No total do uso no Sistema Universitario Galego, a USC segue a ser quen máis emprega en datos absolutos as bases de datos, a Universidade de Vigo lixeiramente na mesma porcentaxe en que sube a Universidade da Coruña.

Coruña	127.476	23,00%
Santiago	274.824	50,00%
Vigo	150.170	27,00%
<b>Total</b>	<b>552.470</b>	<b>100,00%</b>

No gráfico seguinte están recollidos os datos de uso da **Web of Knowledge (WoK)**, desagregados nos diferentes produtos que a integran. Ao comparar os referidos a WoK & Proceedings cos recompilados en 2009, apreciamos unha suba do seu uso, tendencia iniciada xa no ano anterior. Explícase probablemente pola cancelación de *Scopus*. Os datos en calquera caso non están completos, ao deixar de estar accesible de xeito consorciado<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> En 2010 a Fecyt deixou de financiar na súa totalidade a licenza do WoK, pasándose a un sistema de copagamento coas universidades e centros de investigación.

### Web of Knowledge 2009-2010




Na comparativa das tres universidades galegas, de novo o máximo uso absoluto osténtao a USC. Os datos mantéñense na tónica do ano pasado.

Coruña	38.765	19,94%
Santiago	93.209	47,97%
Vigo	62.352	32,09%
<b>Total</b>	<b>194.326</b>	<b>100,00%</b>

O uso das bases de datos en CD da rede da BUSC amosan un total de 4.009 accesos distribuídos como segue:

### Bases de datos de Rede da BUSC - 2010



## DIALNET


As estatísticas do ano 2010 da base de datos DIALNET para a BUSC resúmense na seguinte táboa:

ESTADÍSTICAS DIALNET 2010	TOTAIS
Nº de sesións realizadas polos usuarios	44.971
Nº de accesos realizados polos usuarios	142.659
Nº de descargas realizadas polos usuarios	31.487
Nº de buscas de documentos realizadas polos usuarios	21.625
Nº de usuarios rexistrados a 31/12/2008	813
Nº de subscricións de revistas polos usuarios a 31/12/2008	7.402
Nº de títulos de revistas baleiradas por persoal da BUSC	67
Nº de documentos creados pola BUSC	2.895
Nº de alertas de revistas xeradas para a BUSC	8.031
Nº de alertas xeradas polas revistas que baleira a BUSC	20.306

## LIBROS ELECTRÓNICOS

Canto das monografías en liña propias da BUSC, as estatísticas poden verse no seguinte gráfico. Os usos máis elevados corresponden a *Encyclopedia Britannica* online e *Oxford English Dictionary*.

**Estatísticas Monografías en Liña 2010**



No que atinxe a monografías electrónicas consorciadas este é o cadro resumo:

MONOGRAFÍAS	
IEEE Standards	1.667
IEEE Proceedings	10.329
Netlibrary*	4.346
<b>TOTAL</b>	<b>16.342</b>
*De Netlibrary so 946 títulos son de compra, o resto son de consulta gratuita na plataforma.	

A continuación desglósase o uso do paquete consorciado do IEEE:


Descargas de estándares e actas de congresos	
IEEE conference proceedings	4.000
IEEE standars	57
<b>TOTAL</b>	<b>4.057</b>

As estatísticas correspondentes a *netLibrary* (4.346 títulos), recurso consorciado, refírense ao conxunto das 3 universidades polo que non se pode obter o uso individualizado da USC. O total ascende en 2010 a 1.314 descargas, manténdose nas cifras do ano pasado.

## REVISTAS ELECTRÓNICAS


